

Resolución do 21 de xaneiro de 2026 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado de ciclos formativos de grao superior de centros educativos públicos que forman parte do consorcio de mobilidade do proxecto Erasmus+ 2024-1-ES01-KA131-HED-000228113 no curso 2025-2026.

O Regulamento (UE) nº 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2021, establece Erasmus+, o Programa da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte para o período 2021-2027.

A educación, a formación, a mocidade e o deporte son ámbitos clave que contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional da cidadanía. En última instancia, unha educación e formación de gran calidade e inclusivas, así como a aprendizaxe informal e non formal, equipan á mocidade e ás persoas participantes de todas as idades coas cualificacións e capacidades necesarias para unha participación significativa nunha sociedade democrática, o entendemento intercultural e para xestionar con éxito as transicións no mercado laboral.

O programa Erasmus+ é unha compoñente clave para apoiar os obxectivos do Espazo Europeo de Educación, o Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027, a Estratexia da Unión Europea para a Mocidade e o Plan de Traballo da Unión Europea para o Deporte (2021-24).

Así mesmo, o desenvolvemento de capacidades dixitais e de competencias e capacidades en campos orientados ao futuro, como a loita contra o cambio climático, a enerxía limpa, a intelixencia artificial, a robótica, a análise de macrodatos, etc., resulta fundamental para o futuro crecemento sostible e a cohesión de Europa. O programa Erasmus+ pode facer unha contribución significativa a estes obxectivos ao promover a innovación e reducir a brecha de coñecementos, capacidades e competencias que presenta Europa.

A Lei de 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, aborda no seu Título IX o coñecemento de linguas estranxeiras e a internacionalización do sistema de Formación Profesional, reforzando a importancia de promover a participación do profesorado e alumando en programas internacionais e a integración do sistema educativo de Formación Profesional en redes internacionais que favorezan o intercambio de experiencias e a transferencia de coñecemento.

A Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada polo Consello da Xunta o 10 de febreiro de 2022, ten como un dos seus eixos principais a internacionalización do sistema educativo de Formación Profesional, o que pretende acadar a través dunha serie de iniciativas como son:

- Desenvolver estadias formativas profesionais do alumnado e profesorado no exterior, e accións de intercambio de profesorado e alumnado entre centros de FP de Galicia e outros países.
- Impulsar accións de colaboración con organismos da formación profesional noutros países.
- Promover a valorización no exterior das competencias profesionais adquiridas en Galicia.
- Reforzar linguas estranxeiras na formación profesional, para aumentar as posibilidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe.
- Promover estadias formativas profesionais do alumnado e profesorado estranxeiro en Galicia.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional resultou beneficiaria dun proxecto Erasmus+ 2024-1-ES01-KA131-HED-000228113, correspondente á Acción Clave 1, Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, no ámbito da Formación Profesional.



Tendo en conta o anterior, esta consellería considera necesario establecer un procedemento para a concesión das axudas de mobilidades ao alumnado de Formación Profesional no marco do proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000228113.

De acordo co establecido no punto 3 do artigo da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a xestión das referidas axudas rexerase polo réxime xurídico establecido pola Unión Europea para o desenvolvemento do Programa Erasmus+, xa que é unha subvención concedida pola Unión Europea e financiada totalmente con fondos europeos, sen prexuízo da aplicación de normas de organización e procedementos propios da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, esta lei aplicárase con carácter supletorio respecto da normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar axudas económicas para a realización de mobilidades de alumnado de ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional dos centros educativos que forman parte do consorcio do proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000228113 (Anexo I).

Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes

1. Poderán concorrer a esta convocatoria as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:
 - a) Estar matriculadas durante o curso 2025-2026 nun ciclo formativo de grao superior de Formación Profesional ou nun curso de especialización de Formación Profesional de grao superior, nalgún dos centros educativos que se relacionan no anexo I, e estar en condicións de acceder á realización da Formación en Centros de Traballo (FCT) ou de realizar un período de formación práctica en empresa antes do comezo da mobilidade.
 - b) Ter obtido unha titulación de grao superior de Formación Profesional ou certificado dun curso de especialización de Formación Profesional de grao superior nalgún dos centros educativos que se relacionan no anexo I durante os 12 meses anteriores á finalización da mobilidade prevista.
2. Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria das axudas previstas nesta orde o alumnado que incorra nalguna das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.



Artigo 3. Actividades admisibles

As actividades susceptibles de ser financiadas mediante esta convocatoria son as seguintes:

- a) Mobilidades físicas de longa duración para formación práctica (2 a 12 meses), que permiten a realización de períodos de formación práctica no estranxeiro nunha empresa, un instituto de investigación, un laboratorio, unha organización ou calquera outro lugar de traballo pertinente.
- b) Mobilidades combinadas para formación práctica, que constarán das seguintes partes:
 - Mobilidade física de curta duración (5 a 30 días) para a realización de períodos de formación práctica no estranxeiro nunha empresa, un instituto de investigación, un laboratorio, unha organización ou calquera outro lugar de traballo pertinente.
 - Compoñente virtual obrigatoria que facilite o intercambio educativo e o traballo en equipo en liña e de maneira colaborativa. Esta compoñente poderá ter lugar antes ou despois da mobilidade física.A mobilidade combinada para estudos debe conceder un mínimo de 3 créditos ECTS.

Artigo 4. Organizacións de acollida admisibles

A organización de acollida debe ser:

- a) Unha institución de educación superior situada nun estado membro da UE ou nun terceiro país asociado ao Programa á que se concedeu unha ECHE ou unha institución de educación superior dun terceiro país non asociado ao Programa recoñecida como tal polas autoridades competentes e que asinase acordos interinstitucionais cos seus socios dun estado membro da UE ou dun terceiro país asociado ao Programa antes de que leve a cabo a actividade de mobilidade.
- b) Calquera organización pública ou privada activa no mercado de traballo ou nos ámbitos da educación, a formación, a mocidade, a investigación e a innovación.
- c) Unha ONG, unha asociación ou unha organización sen ánimo de lucro.
- d) Un organismo de asesoramento académico, orientación profesional ou servizos informativos.

Artigo 5. Prazo de execución das mobilidades

A data de finalización das mobilidades financiadas ao abeiro desta convocatoria non poderá ser posterior á data de finalización do proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000228113, isto é, o 31 de xullo de 2026.

Artigo 6. Orzamento

O importe total das axudas destinadas ás mobilidades de alumnado e persoas tituladas recentes será de 49.110,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.422M.480.5 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, dos orzamentos de 2026.



Artigo 7. Comisión avaliadora

1. A instrución, ordenación e selección no procedemento corresponde a unha comisión avaliadora que se constituirá en cada centro educativo coa seguinte composición:
 - Presidencia: a persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
 - Vogalías:
 - A persoa coordinadora de programas europeos no centro educativo.
 - Dous membros do equipo directivo do centro educativo.
 - Secretaría: unha persoa docente do centro educativo, que actuará con voz pero sen voto.
2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.
3. A resolución da convocatoria corresponde á persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Artigo 8. Criterios de selección

A selección do alumnado realizarase en cada centro educativo de acordo aos seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.
 - Nota media inferior a 6: 1 punto.
 - Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
 - Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
 - Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.
2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):
 - Certificación de nivel B1: 1 punto.
 - Certificación de nivel B2: 2 puntos.
 - Certificación de nivel C1: 3 puntos.
 - Certificación de nivel C2: 4 puntos.

Valoraranse aqueles certificados de coñecemento de idiomas admitidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior) que avaliasen todas as destrezas lingüísticas (comprensión lectora, comprensión auditiva, expresión escrita e expresión oral), conforme a táboa de certificados que estea vixente no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Entrevista persoal (máximo 4 puntos):
 - A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.



- De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.
 - Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para superar a fase de selección.
4. Persoas participantes con menos oportunidades: recibiran 2 puntos neste apartado aquelas persoas solicitantes que se atopen nalgunha das seguintes situacións e o acrediten documentalmente:
- a) Discapacidade do 33% ou superior.
 - Certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente ou ter una solicitude aberta para o recoñecemento da discapacidade, con informes médicos, psicolóxicos e psiquiátricos ou de entidades sociais.
 - b) Dificultades educativas e formativas
 - Informe preceptivo do Departamento de Orientación do centro educativo ou autoridades e orientación educativa e psicopedagóxica das Delegacións de educación, e no seu caso, ter un protocolo aberto polo centro previo a solicitude.
 - c) Obstáculos socioeconómicos
 - Certificado de ser este curso ou ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
 - Certificado de percepción de prestación de Ingreso Mínimo Vital, Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar ou do proxenitor que teña a custodia (no caso de menores).
 - Informe dos servizos sociais que acredite a situación de exclusión social, risco de exclusión social ou situacións de especial necesidade e/ou emerxencia social.
 - Certificado de familia numerosa ou familia monoparental
 - Acreditación administrativa de vítimas de terrorismo ou de situacións de violencia de xénero.
 - Certificado de orfandade.
 - Certificado de situación de dependencia, participantes con dependentes a cargo.
 - Contrato de traballo ou informe de vida laboral actualizado no caso de estudantes con contrato de traballo a tempo completo
 - Certificado de ser persoa tutelada pola Administración
 - Beneficiario de beca de comedor / libros.
 - Acreditación de situación daquelas persoas que non poden acceder ás prestacións ás que se fai referencia neste apartado, por algunha das seguintes causas: falta do período esixido de residencia ou empadramento ou ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.
 - d) Problemas de saúde
 - Certificación de situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional: informe médico expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.



- Certificación de situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional: informe de saúde mental expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.
- e) Diferenzas culturais
- Resolución de ter a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España.
 - Informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia.
 - Informe do Departamento de Orientación do centro educativo.
- f) Discriminación:
- Certificado da administración competente e informe do Departamento de Orientación do centro educativo que xustifique este obstáculo, por exemplo, por acoso escolar.

Artigo 9. Contía das axudas

As contías das axudas calcularanse mediante a suma dos seguintes conceptos:

1. Axuda para a viaxe:

Calcularase tendo en conta a distancia en liña recta entre o lugar da organización de envío e o lugar da organización de acollida segundo as bandas de distancia que se recollen na táboa seguinte:

Banda de distancia	*Distancia	Importe
1	Entre 10 e 99 km	28 €
2	Entre 100 e 499 km	211 €
3	Entre 500 e 1.999 km	309 €
4	Entre 2.000 e 2.999 km	395 €
5	Entre 3.000 e 3.999 km	580 €
6	Entre 4.000 e 7.999 km	1188 €
7	8.000 km ou máis	1.735 €

No caso de empregar medios de transporte ecolóxicos (autobús, tren, coche compartido, etc.) durante o tramo principal da viaxe tanto na ida como na volta, os importes serán os seguintes:

Banda de distancia	*Distancia	Importe
1	Entre 10 e 99 km	56 €
2	Entre 100 e 499 km	285 €
3	Entre 500 e 1.999 km	417 €
4	Entre 2.000 e 2.999 km	535 €
5	Entre 3.000 e 3.999 km	785 €
6	Entre 4.000 e 7.999 km	1188 €
7	8.000 km ou máis	1735 €



*Para determinar a banda de distancia correspondente empregárase a calculadora de distancias Erasmus (<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator>)

2. Axuda de apoio individual:

Calcularase en función do grupo do país de destino e do número de días que dure a mobilidade segundo os importes que se recollen nas táboas seguintes:

Mobilidade física de longa duración (2 a 12 meses)	Importe mensual	Axudas adicionais mensuales	
		Practicas	Estudiantes menos oportunidades
Grupo 1: Alemania, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos e Suecia. Terceiros países non asociados ao Programa das rexións 13 y 14	650 €	150 €	250 €
Grupo 2: Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta e Portugal.	600 €	150 €	250 €
Grupo 3: Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia e Turquía	550 €	150 €	250 €
Terceiros países non asociados ao programa das rexións 1-12	700 €	Non procede	250 €

Mobilidade física de curta duración (5 a 30 días)	Para prácticas en empresas	
	Axuda ordinaria	Estudiantes con menos oportunidades
Ata o día 14. Todos os países.	79 € / día.	100 euros adicionais para toda a mobilidade
Do día 15 ao 30. Todos os países.	56 € / día.	150 euros adicionais para toda a mobilidade

Días de viaxe financiados (válidos tanto para mobilidades de longa como de curta duración), con máximo de **dous días** de viaxe no caso de desprazamento non ecolóxico, e un máximo de **catro**



días se reciben apoio para o desprazamento **ecolóxico**, sempre que se trate dunha distancia que non poida ser percorrida nun só día.

3. Axuda de apoio a inclusión:

Apoio a inclusión	Para prácticas en empresas
<u>Requisitos</u> • Ter recoñecida e calificada legalmente unha discapacidade de grado igual ou superior ao 33% ou padecer problemas físicos, mentais ou de saúde, debidamente acreditados mediante a correspondente certificación médica, así como cumprir co resto de criterios de admisibilidade do programa. <u>Gastos subvencionables</u> (teñen que estar directamente relacionados coa discapacidade ou co problema físico, de saúde ou mental do participante): - Transporte especial / adaptado do participante nos seus desprazamentos tanto no país de orixe como de acollida. - Acompañantes - Servicios profesionais (interpretes en lingua de signos o servicios médicos terapéuticos puntuais relacionados directamente coa discapacidade legalmente recoñecida, problema físico, de saúde ou mental. - Visitas preparatorias - Outros gastos específicos derivados da discapacidade acreditada do participante.	100% dos costes reais subvencionables

Para a solicitude destes gastos, é necesario presentar unha táboa de presuposto na que se indique o concepto, a descrición, os documentos xustificativos (proformas, tarifas vixentes, ...) e o importe parcial por concepto, así como o total.

Artigo 10. Presentación de solicitudes

O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará no seu centro educativo a solicitude normalizada (Anexo II), xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados, nos prazos que o centro estableza.

No caso de existir crédito dispoñible, os centros educativos poderán establecer novos prazos de presentación de solicitudes durante a vixencia do proxecto.

Artigo 11. Documentación que tramitarán os centros

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, as comisións avaliadoras deberán valorar as solicitudes presentadas de acordo aos criterios que figuran no artigo 8.
2. Cada comisión avaliadora fará unha acta provisional (Anexo III) na que se indicarán as persoas seleccionadas, por orde de prelación, xunto coa puntuación obtida por cada solicitante. Indicaranse tamén as persoas excluídas xunto coa causa da exclusión.



Esta acta provisional, asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios do centro educativo ao día seguinte ao da reunión da comisión avaliadora.

Na acta farase mención a que se aplicaron os criterios citados no artigo 8, e a que existe o compromiso de gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.

3. As persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da acta provisional, para a presentación de reclamacións ou renuncias.
4. Rematado o prazo de reclamacións, a comisión avaliadora resolveraa e elaborará unha acta definitiva (Anexo IV) de persoas seleccionadas e excluídas, con indicación das puntuacións obtidas, e asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma, que fará pública no taboleiro de anuncios do centro educativo.

Artigo 12. Envío de documentación

Os centros educativos deberán enviar á Dirección Xeral de Formación Profesional a seguinte documentación en formato electrónico:

- Solicitudes presentadas (Anexo II).

As solicitudes deberán estar asinadas dixitalmente polas persoas solicitantes ou compulsadas dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

- Acta provisional de persoas seleccionadas e excluídas (Anexo III).

A acta provisional deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que presida a comisión avaliadora e a persoa secretaria da mesma, ou estar compulsada dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

- Acta definitiva de persoas seleccionadas e excluídas (Anexo IV).

A acta definitiva deberá estar asinada dixitalmente por quen presida a comisión avaliadora e a persoa secretaria da mesma, ou estar compulsada dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

- Certificado de titularidade bancaria de cada unha das persoas beneficiarias.

O certificado deberá estar asinado dixitalmente pola entidade bancaria ou estar compulsado dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

- Folla de cálculo cuberta cos datos das mobilidades (Anexo V).

- No caso de viaxe ecolóxica, compromiso de empregar medios de transporte ecolóxicos (autobús, tren, coche compartido, etc.) durante o tramo principal da viaxe tanto na ida como na volta (Anexo VI).

O compromiso deberá estar asinado dixitalmente pola persoa solicitante ou compulsado dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

- Documentación acreditativa das situacións de solicitantes de menos oportunidades.

Deberan estar asinados dixitalmente pola administración competente ou compulsado dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.



- Documentación acreditativa das situacións de apoio a inclusión.
 - Certificado de recoñecemento da discapacidade ou do problema de saúde, físico ou mental.
 - Táboa de gastos previstos de apoio a inclusión

Deberan estar asinados dixitalmente pola administración competente ou compulsado dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

O prazo máximo para o envío da documentación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional será de 5 días hábiles posteriores á data da acta definitiva. En calquera caso, a documentación deberá estar en poder da DXFP cunha antelación mínima 45 días naturais antes do inicio da mobilidade.

Artigo 13. Adxudicación das axudas

1. Á vista da acta definitiva das persoas seleccionadas neste procedemento e do crédito dispoñible, a Dirección Xeral de Formación Profesional elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas e enviaralla á persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que resolverá o que proceda, e nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A adxudicación realizarase:

- a) Para un determinado grupo de países, de entre os indicados no artigo 9.2, dentro do cal a persoa beneficiaria poderá escoller o país de realización da mobilidade.
 - b) Para unha determinada banda de distancia, de entre as indicadas no artigo 9.1, dentro da cal a persoa beneficiaria poderá escoller a localidade de realización da mobilidade.
 - c) Para un número total de días de mobilidade, incluídos os días de viaxe, que poderán ser desfrutados pola persoa beneficiaria en calquera momento entre a data de adxudicación e a data de finalización do proxecto, isto é, o 31 de xullo de 2026.
2. A adxudicación das mobilidades realizarase por orde de presentación das solicitudes dos centros educativos e expediente completo.

No caso de que a suma das mobilidades solicitadas nun mesmo expediente supere o crédito dispoñible nese momento, a Dirección Xeral de Formación Profesional procederá á adxudicación atendendo á puntuación obtida segundo o baremo establecido pola comisión avaliadora. As mobilidades concederanse ás persoas con maior puntuación, ata esgotar o orzamento dispoñible.

No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:

 - 1º. Ás persoas solicitantes con menos oportunidades.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.
 3. Contra a resolución de adxudicación das axudas, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
 4. Para os efectos establecidos no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta



resolución será de cinco meses, contado desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender rexeitadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 14. Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15. Renuncia á axuda

1. No caso de que por motivos xustificados a persoa beneficiaria non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, deberá presentar no centro educativo un escrito de renuncia (Anexo VII).
2. O centro educativo enviará o referido escrito asinado dixitalmente pola persoa participante ou ben compulsado dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital. Unha vez recibido, a Dirección Xeral anulará a reserva do importe asignado para dita mobilidade.
3. Se a persoa beneficiaria tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de conformidade co disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 16. Formalización da axuda

1. O centro educativo e a persoa beneficiaria asinarán o convenio de subvención Erasmus+ deste proxecto (Anexo VIII). Para esta finalidade, a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional delegará a sinatura destes convenios nas persoas titulares da dirección dos centros educativos.
2. A persoa beneficiaria, o centro educativo e a organización de acollida asinarán un acordo de aprendizaxe (Anexo IX) con anterioridade ao inicio da mobilidade.

Este acordo deberá ser consensuado entre a organización de envío e a de acollida, e deberá recoller as condicións nas que se levará a cabo a actividade de mobilidade e os resultados de aprendizaxe previstos.

Artigo 17. Pagamento das axudas

1. As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado beneficiario, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto no certificado de titularidade bancaria aportado.
2. O primeiro pagamento, dun 80% da axuda concedida, realizarase antes do inicio da mobilidade. Para que este se poida tramitar, o centro educativo deberá enviar á Dirección Xeral de Formación Profesional cunha antelación mínima de 10 días hábiles con respecto ao inicio da mobilidade:



- O convenio de subvención Erasmus+ (Anexo VIII) asinado dixitalmente por todas a partes ou copia compulsada dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.
 - O acordo de aprendizaxe (Anexo IX) asinado dixitalmente por todas a partes ou copia compulsada dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.
3. Para o segundo pagamento, do 20% restante, será necesario que:
- O centro educativo envíe á Dirección Xeral de Formación Profesional copia compulsada dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital, do complemento ao acordo de aprendizaxe (Anexo X) asinado pola persoa beneficiaria, o centro educativo e a organización de acollida. Este complemento emitirase unha vez realizada a actividade de mobilidade e permitirá confirmar que dita actividade desenvolveuse segundo o acordado.
 - Documentación xustificativa dos gastos reais das situacións de apoio a inclusión.
 - Facturas oficiais ou documentación contable de valor probatoria equivalente as facturas (tickets, transferencias bancarias, recibos, etc...)
 - Acreditación do acompañamento ou das visitas preparatorias.
- Deberá estar asinados dixitalmente pola administración competente ou compulsado dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.
- A persoa beneficiaria cubra e envíe en liña o cuestionario UE (EU Survey) nos 30 días posteriores ao remate da mobilidade, de acordo co establecido no Programa Erasmus+.
 - No caso de viaxe ecolóxica, será preciso que o centro educativo envíe á Dirección Xeral de Formación Profesional copia compulsada dixitalmente pola persoa que ostente a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital, da correspondente declaración xurada (Anexo XI) asinada pola persoa beneficiaria.
- Dito pagamento realizarase nos 45 días naturais posteriores ao envío en liña do cuestionario UE.
4. No caso de que o cómputo de días da mobilidade declarado no complemento ao acordo de aprendizaxe fose inferior ao da axuda concedida, o pago do 20% restante minorarase proporcionalmente. Se isto non fose suficiente, solicitarase a devolución da parte proporcional do primeiro pagamento.
- A estes efectos, unicamente serán computables os días da mobilidade comprendidos entre a data de adxudicación e a data de finalización do proxecto.

Artigo 18. Compatibilidade das axudas

1. Estas axudas son compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que as conceda.
2. O importe total recibido en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo obxecto e finalidade, procedentes doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade subvencionada, de conformidade co establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 3.



Artigo 19. Perda das axudas

1. A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/as solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que procedesen, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
2. O incumprimento total ou parcial por parte da persoa beneficiaria de calquera das condicións e obrigas establecidas nesta orde e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle poidan corresponder en cada caso, en aplicación do disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obteña a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseen ou oculten feitos ou datos que motivaron a súa concesión.

Artigo 20. Obrigas das persoas beneficiarias

1. As persoas beneficiarias están obrigadas ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
2. As persoas beneficiarias están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles correspondan.
3. Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, utilizarase a declaración responsable incluída no documento de solicitude (Anexo II).
4. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinadas a subvencionar a actividade subvencionada.

Artigo 21. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:
 - DNI/NIE da persoa solicitante.
 - DNI/NIE da persoa representante, de ser o caso.
 - Expediente académico.
 - Certificado de estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social do solicitante.
 - Certificado de estar ao corrente de pagamento das obrigas tributarias coa Consellería de Facenda e Administración Pública do solicitante.



- Certificado de estar ao corrente de pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) do solicitante.
 - Que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos no artigo 2 da presente Resolución.
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.
 3. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
 4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 22. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 23. Datos de carácter persoal

De acordo co establecido no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 24. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.
2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.
3. No caso de optar pola notificación en papel practícarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na



solicitud. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 25. Base de datos nacional de subvencións

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base.

As subvencións outorgadas ao abeiro desta resolución figurará no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente na inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Asimesmo, de conformidade co disposto no artigo 14 da Ley de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Disposición adicional primeira. Réxime sancionador

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. Impugnación

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento

Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta resolución.



Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.es>).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

P.D. (Orde 05.06.2024)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e
Formación Profesional



ANEXO I

Centros educativos do consorcio do proxecto Erasmus+ 2024-1-ES01-KA131-HED-000228113

OID	CENTRO
E10007900	IES Pontepedriña
E10011649	IES Fernando Wirtz Suárez
E10025603	Ies Leixa
E10056804	CIFP A Farixa
E10064590	IES Antón Losada Diéguez
E10066406	CIFP A Xunqueira
E10069168	IES Plurilingüe A Paralaia
E10072786	CIFP Someso
E10074373	CIFP Carlos Oroza
E10074803	CIFP Anxel Casal - Monte Alto
E10077940	CIFP Paseo Das Pontes
E10078014	IES Lucus Augusti
E10078454	IES Manuel Chamoso Lamas
E10078955	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
E10083940	IES Ramón Menéndez Pidal
E10088098	CIFP Valentin Paz Andrade
E10089365	CIFP Coroso
E10093478	CIFP Montecelo
E10096705	IES Urbano Lugrís
E10097909	IES A Sardiñeira
E10098508	IES Moncho Valcarce
E10100201	CIFP Portovello
E10100832	CIFP Politécnico De Santiago
E10103228	CIFP Ferrolterra
E10103867	IES Ramón Mª Aller Ulloa
E10104269	IES Ribeira Do Louro
E10107169	IES Laxeiro
E10110295	IES Terra De Trasancos.
E10129271	CIFP Imaxe E Son
E10151276	IES Cidade De Antioquía
E10169325	IES Pintor Colmeiro
E10177707	CIFP De Vilamarín
E10189216	CIFP Compostela

